

The background features a collage of various colorful shapes and silhouettes. At the top, there are yellow, orange, and purple trapezoidal shapes. Below them are pink wavy lines. The central text is surrounded by these elements. To the right, there is a brown silhouette of a saxophone. Below the saxophone, there are yellow and orange shapes that resemble a trumpet and a tuba. At the bottom, there is a large green shape, possibly representing a double bass, and several horizontal bars in orange and red. The overall style is modern and artistic.

Festival de Jazz de Vigo

29 de xuño – 4 de xullo de 2018

ILLAS CÍES: Obxectivo Patrimonio da Humanidade

ORGANIZA

Concellería de Cultura
Concello de Vigo
Praza do Rei, 1. 36202 VIGO
Tel. 986 810 246
o .areacultural@vigo.org

Alcalde

Abel Caballero Álvarez

Concelleiro da Área de Cultura

Cayetano Rodríguez Escudero

Dirección artística

Yago Vázquez e Felipe Villar

MODALIDADE DE ACCESO AOS CONCERTOS

Concertos de pagamento:

Auditorio Municipal do Concello: 8 €
Vestíbulo do Auditorio Municipal do
Concello: 5 €

ENTRADAS

As entradas para os concertos de pago
poderán adquirirse anticipadamente
(sen gastos de xestión, xa que os
asume o Concello, ao mesmo prezo
que no despacho de billetes):

1. A través do sitio web de **Ticketea**
(www.ticketea.com).
2. No teléfono **902044226**.
3. En **Discos Elepé** (r/ Doutor
Cadaval, 35). Horario: De 10
a 13:30 h e de 16:30 a 20 h de luns
a sábado.
4. O mesmo día do espectáculo
a partir dunha hora antes do
comezo no despacho de billetes do
Auditorio (sempre que houbese
entradas dispoñibles).

ABONOS

Só en venda anticipada; non poderán
adquirirse no despacho de billetes do
propio Auditorio:

1. Abono Festival de Jazz de

Vigo: abono completo para os
oito espectáculos que requiren
pagamento cun 30% de desconto
sobre o prezo total.

- ### 2. Abono á carta 5:
- Elixen cinco
concertos de pago combinados
como queiras e goza dun 15% de
desconto sobre o prezo total.

Venda anticipada a partir do 19 de xuño.

Entrada libre ata completar aforo:

Rúa Londres
Praza da Princesa
Café Vitruvia
Sala Magnética
Casa de Arriba
El Contrabajo

Inscripción nas *masterclasses* e en Música na Maleta:

A partir do 20 de xuño no Servizo
de Atención Cidadá 010.

Información xeral:

Teléfonos desde Vigo: 010

**Desde móbil ou fóra
de Vigo:** 986 810 260

Horario:

De 8 a 20 horas de luns a venres
De 10 a 14 horas os sábados

Índice

- 2** Información xeral do Festival de Jazz de Vigo 2018
- 4** Introducción
- 7** Programación
- 10** Soweto Kinch Trio
- 11** Wilfried Wilde Quintet
- 12** Pablo Castaño
- 13** Big Bang Band
- 14** Kenny Garrett Quintet
- 15** Manolo Gutiérrez Trío
- 16** Max Gómez Cuarteto
- 17** The Alley Stompers
- 18** Charenée Wade
- 19** Dani Font Quartet
- 20** 155
- 21** Kurt Rosenwinkel Caipi Band
- 22** Fonogenia
- 23** Comando Radar
- 24** Glenn Zaleski Trio
- 25** Fernando Sánchez Quartet
- 26** Drewes, Lee, Hirsh eld Equality
- 27** Rossy & Vercher: *Filantropía*
- 28** Juyma Estévez Trío
- 29** Mayeuswing
- 30** Swing On
- 31** Dirección

Intro

O **Festival de Jazz de Vigo**, organizado polo **Concello de Vigo**, celebrarase desde o 29 de xuño ata o 4 de xullo.

Esta edición estará dirixida por **Yago Vázquez** e **Felipe Villar**, que buscan amosar un espectro máis amplo das diferentes vertentes do jazz e ao mesmo tempo tenderá unha ponte cara ao mellor jazz norteamericano e especialmente cara á cidade de Nova York.

O festival propón tamén artistas de jazz europeo de carácter máis experimental, como **Soweto Kinch** ou **Comando Radar**.

As mellores bandas nacionais e locais, cos traballos discográficos máis salientables, tamén estarán presentes nesta edición.

Como accións destacables, as *jam sessions* e as *masterclasses*, non podían faltar. Nas *jam*, o público poderá vivir desde moi preto eses anaquiños que van compartir os músicos de todos os niveis e procedencias. Unha oportunidade única, tanto para os creadores da arte como para o público, de vivir a maxia da música. As segundas, as *masterclasses*, serán impartidas por músicos americanos de amplísima experiencia e recoñecemento internacional, de máis difícil acceso fóra deste contexto.

Música na Maleta é a proposta lúdico-educativa que achega nesta edición a música *jazz* ao público máis cativo.

Este festival é un agradecemento tamén aos locais que apostan por ofrecer unha programación de *jazz* constante, porque grazas a eles esta demanda se ve cuberta durante todo o ano. Dentro do festival, estes espazos van funcionar como escenarios dalgunhas das actuacións.

Artistas internacionais

Unha selección dos nomes máis importantes da escena jazzística internacional actual deslará estes días polos escenarios de Vigo.

Dentro do *jazz* europeo, este ano poderemos gozar dunha das bandas máis prestixiosas do continente. **Soweto Kinch** representa a modernidade do *jazz* europeo ao mesmo tempo que afunde as súas raíces no mellor *jazz* americano. É así como gañou por méritos propios un tremendo respecto en ambas as beiras do Atlántico.

E precisamente para estaren aquí cruzan o océano artistas que contan tamén co recoñecemento internacional, como **Kenny Garrett** e **Kurt Rosenwinkel**. Son músicos cuxa carreira profesional abrangue varias décadas de éxitos e que se converteron en influencias moi importantes das xeracións musicais que xurdiron posteriormente. A noite do domingo 1 de xullo estará dedicada ao *jazz* vocal e contaremos no Auditorio do Concello coa voz da norteamericana **Charenée Wade**.

As bandas de **Glenn Zaleski** e **Drewes, Lee, Hirshfield Equality** constitúen

unha boa representación da escena actual neiorquina. Estes músicos son algúns dos artistas que se poden atopar habitualmente tocando nos clubs mais prestixiosos da Gran Mazá. Poderemos velos no Auditorio do Concello o martes 3 e o mércores 4, respectivamente, e tamén coller unha das prazas das *masterclasses* que darán no Conservatorio Superior de Música en horario de mañá (12 h).

Artistas nacionais

No eido nacional, os escenarios deste Festival de Jazz de Vigo verán pasar increíbles artistas que veñen presentando un proxecto novo. Tal é o caso dunha referencia do jazz en España como **Jorge Rossy** (mércores 4 de xullo). A súa autoridade musical é innegable: o xenial multiinstrumentista catalán converteuse nun dos nomes máis respectados do jazz moderno mundial. Ademais virá acompañado por nomes fundamentais da escena nacional, como **Javier Vercher** e **Albert Sanz**, e da internacional, como **Joey Baron**.

Artistas galegos e locais

A banda do pianista galego **Manolo Gutiérrez** (sábado 30 de xuño) e a do francés a ncado hai anos en Galicia **Wilfried Wilde** estarán **no escenario da rúa Londres**.

Nos últimos anos, o nivel do *jazz* galego está a encandear fóra das nosas fronteiras: en España, en Europa ou

incluso nos EUA. Moitos dos nosos músicos contan cunha formación excepcional nas mellores escolas e universidades europeas e americanas. É hora de que poidamos gozar da presenza da súa música na cidade: será durante as *jam sessions*.

Músicos locais, habituais da escena galega, novos e consagrados, todos excepcionais, como Pablo Castaño, Fernando Sánchez, Naíma Acuña, Dani Font, David Puime, Paco Charlín, Javier «GDJazz» Pereiro...

Artistas de música experimental

Dentro da vertente máis ousada e experimental, o liderazgo en Galicia osténtao o colectivo de Improvisación Libre de Vigo. Tres das agrupacións máis representativas deste colectivo estarán presentes neste festival: **155**, **Comando Radar** e **Fonogenia**, con cadansúa proposta.

Actividades formativas

Se na actualidade contamos na área de Vigo cada vez con máis e mellores músicos de *jazz* é debido, en grande medida, a que temos outros festivais ou escolas da contorna ofrecéndolles a estes músicos a oportunidade de formárense e compartiren experiencias cos mellores artistas internacionais. O Festival de Jazz de Vigo súmase a esta tendencia convidando a músicos e docentes dun nivel incontestable, como son o **Glenn**

Zaleski Trio e a formación **Drewes, Lee, Hirshfield Equality**, a compartir e ensinar os segredos da súa arte.

Estas actividades están pensadas tanto para os músicos xa máis experimentados como para quen desexe dar os seus primeiros pasos nesta música tan especial. Por iso consideramos fundamental realizar esta actividade da man do **Conservatorio Superior de Música de Vigo** e invitando tamén as escolas de música, escolas privadas, bandas...

Por suposto, os máis pequenos non podían faltar nesta programación, como vén sendo habitual no festival. Por iso contamos tamén cun dos pedagogos especializados en educación musical para nenos máis prestixiosos da nosa comunidade, **Tomás Rábanos**, que impartirá dúas aulas para cativos e pais chamadas **Música na Maleta**.

Música na Maleta

Música na Maleta é unha proposta lúdico-educativa para achegar os nenos e nenas de entre 5 e 12 anos ao mundo sonoro mediante a creatividade, a investigación e a manipulación de materiais cotiáns aos que se lles dá unha utilización totalmente distinta ao seu uso habitual.

En que se converte unha chapa de zume? E unha lata de tomate? E... unha brida de xardín? Pois alá iremos na procura compartida de darlles unha volta aos obxectos e sacarlles a maxia para facermos música.

Da man dun dos pedagogos especializados en educación musical para nenos e nenas máis prestixiosos, **Tomás Rábanos**, Música na Maleta desenvolverase en dúas sesións independentes.

Música e baile na rúa

Un dos obxectivos do festival é que o *jazz* se faga presente no cotián e que poida mesturarse entre todos os públicos. Para iso, este ano Festival de Jazz de Vigo vai conxugar música e baile *swing*. Así lles chegou o convite de participación no festival ás dúas escolas de baile presentes na cidade que desenvolven este estilo: **Mayeuswing** e **Swing On**. Ambas as dúas estarán presentes nunha sesión vespertina na praza da Princesa, onde poderemos admirar as súas habilidades e incluso saír á pista invitados por eles mesmos, para achegármonos a eses pasos de baile e acabarmos seducidos irremediabilmente ao son dunha das máis destacadas bandas galegas especializadas no estilo, **The Alley Stompers**.

Programa

VENRES 29 DE XUÑO

Concerto de apertura
20:30 h **Soweto Kinch Trio**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

22:30 h **Wilfried Wilde Quintet**
Rúa Londres

24:00 *Jam session.* **Pablo Castaño**
Café Vitruvia. Praza de Compostela, nº 5
Entrada libre ata completar capacidade

SÁBADO 30 DE XUÑO

12:00 h **Música na Maleta.**
Actividade infantil.
Casa das Artes. Policarpo Sanz nº 15
Actividade mediante inscrición previa
a partir do 20 de xuño no Servizo de
Atención Cidadá 010

18:30 h **Big Bang Band**
Praza da Princesa

20:30 h **Kenny Garrett Quintet**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

22:30 h **Manolo Gutiérrez Trío**
Rúa Londres

24:00 *Jam session.* **Max Gómez**
Cuarteto
Café Vitruvia. Praza de Compostela, nº 5
Entrada libre ata completar capacidade

DOMINGO 1 DE XULLO

12:00 h **Música na Maleta.**
Actividade infantil.
Casa das Artes. Policarpo Sanz nº 15
Actividade mediante inscrición previa
a partir do 20 de xuño no Servizo de
Atención Cidadá 010

18:30 h Bailando a ritmo de *swing*.
The Alley Stompers. Swing On e
Mayeuswing
Praza da Princesa

20:30 h **Charenée Wade**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

24:00 h *Jam session.* **Dani Font Quartet**
Café Vitruvia. Praza de Compostela, nº 5
Entrada libre ata completar capacidade

LUNS 2 DE XULLO

12:00 h *Masterclass.* **Glenn Zaleski**
Conservatorio Superior de Música de Vigo
Actividade mediante inscrición previa
a partir do 20 de xuño no Servizo de
Atención Cidadá 010

20:30 h **155: David Santos, Dani**
Domínguez e Alfonso Muñoz
Vestíbulo do Auditorio Municipal do
Concello de Vigo
Prezo da entrada: 5 €

22:30 h **Kurt Rosenwinkel CaiPI Band**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

24:00 h *Jam session.* **Fonogenia**
Sala Magnética. Rúa dos Irmandiños, nº 3
Entrada libre ata completar capacidade

MARTES 3 DE XULLO

12:00 h *Masterclass*. **Glenn Zaleski Trio**
Conservatorio Superior de Música de Vigo
Actividade mediante inscrición previa
a partir do 20 de xuño no Servizo de
Atención Cidadá 010

20:30 h **Comando Radar**
Vestíbulo do Auditorio Municipal
do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 5 €

22:30 h **Glenn Zaleski Trio**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

24:00 h *Jam session*.
Fernando Sánchez Quartet
La Casa de Arriba. Rúa Martín Códax, nº 23
Entrada libre ata completar capacidade

MÉRCORES 4 DE XULLO

12:00 h *Masterclass*. **Jeff Hirshfield,
Scott Lee, Billy Drewes**
Conservatorio Superior de Música de Vigo
Actividade mediante inscrición previa
a partir do 20 de xuño no Servizo de
Atención Cidadá 010

20:30 h **Rossy & Vercher: Filantropía**
Auditorio Martín Códax do Conservatorio
Superior de Música de Vigo
Entrada libre ata completar capacidade

22:30 h **Drewes, Lee, Hirshfield
Equality**
Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Prezo da entrada: 8 €

24:00 h *Jam session*. **Juyma Estévez Trío**
Contrabajo. Rúa Venezuela, nº 82
Entrada libre ata completar capacidade



Soweto Kinch Trio

Soweto Kinch: saxo

Nick Jurd: baixo

Moses Boyd: batería

Soweto Kinch é un saxofonista, MC e compositor multipremiado que se especializa nun estilo de marca rexistrada de *Jazz*, *Rap* e *Spoken Word* a diferenza de calquera outro intérprete no mundo. Reverenciado entre músicos e rapeiros por igual, Soweto acumula unha gama sen precedentes de eloxios que inclúen os premios MOBO, os premios de Música Urbana, Premio Rising Star (Artista Emerxente) da BBC, Mellor Instrumentista de *Jazz* da BBC, Mellor Banda de *Jazz* da BBC, Premio do Festival de Jazz de Montreux, Premio

Peter Whittingham á innovación en Jazz, gañador do Concurso Mundial de Saxo da Fundación Blanca e unha nominación para o tan codiciado Premio Mercury, así coma o seu propio programa de radio semanal da BBC.

No sangue de Soweto sempre permaneceu que creceu cun autor dramático por pai e cunha actriz por nai. Co paso dos tempos, converteuse nun embaixador da cultura urbana, ademais dunha institución do *jazz* británico, con logros que van desde o comisariado de varios grandes festivais internacionais, ata a produción e promoción de varias obras de teatro baseadas na música. Tamén se converteu en protagonista dunha serie de reality shows que o seguiron a el e máis a outras guras da música como Goldie e Ms Dynamite, xa que cada un deles aconsellou e adestrou a 12 mozos antes da súa actuación en vivo ante o príncipe Harry no palacio de Buckingham. Soweto Kinch está actualmente en xira en formato trío con saxofón / voces, batería e baixo - un resultado brutal, con brincos de bop duro mesturados con fraseos de estilo libre (*free style*) - no seu espectáculo.

<http://www.soweto-kinch.com/>



Wilfried Wilde Quintet

Wilfried Wilde: Guitarra

Iago Fernández: Batería

Demian Cabaud: Contrabaixo

Xan Campos: Piano

Charley Rose: Saxo Alto

Wilfried Wilde é un guitarrista francés que actualmente reside en Galicia. A súa estadía en España permitiulle colaborar con numerosos músicos talentosos, tanto no estudo como nas fases dos máis famosos festivais e clubs de *jazz* deste país. Ao longo da súa carreira musical, o guitarrista amosouse impregnado de influencias moi eclécticas que abarcan

desde a música impresionista ata o rock, pasando polo *jazz* ou bandas sonoras de cine, o que o levou a formar a súa propia banda, contando con toda esta equipaxe.

Así é como naceron o Wilfried Wilde Quintet e o seu primeiro álbum, *Oscilenscope* (Fresh Sound New Talent, 2016). Aí atopamos unha música na que a enerxía do *jazz* está aliada coa sensibilidade da música clásica, na que as melodías soadas se unen con harmonías refinadas. Cada composición é unha invitación ao oínte a viaxar na súa imaxinación e experimentar emocións moi variadas, pasando desde momentos de grande intensidade e alegría ata outros máis introspectivos ou mesmo melancólicos.



Pablo Castaño Quartet

Pablo Castaño: saxos, arranxos e composición

Marcos Pin: guitarra

Paco Charlín: contrabaixo

Naíma Acuña: batería

Pablo Castaño recibiu unha bolsa de estudos e no ano 2007 obtivo un BFA in Jazz Performance pola New School University (nyc) no que acabou sendo o primeiro da clase. Residiu na cidade de Nova York como músico independente. Neste período traballou de *sideman* en concertos e gravacións con Tom Abbott, Stan Rubin, José James, Eyal Vilner, Wade Burnes... entre outros moitos

artistas destacados da escena jazzística neiorquina. Smalls, Minton's Playhouse, Fat Cat, Iridium, Jazz Garage, Carnegie Club, Swing 46, o Jazz at Lincoln Center e a convención da *Jazz Improv Magazine* foron os escenarios habituais nos que desenvolveu a súa carreira profesional como músico de *jazz* na cidade estadounidense.

Xa no país, ademais de colaborar regularmente con Xacobe Martínez, Marcos Pin, Abe Rábade, Iago Fernández, Yago Vázquez e Marcelino Galán, lidera o seu propio septeto e trío. En 2009 participa na xira e gravación en dvd de *Descarga ao Vivo. Cuba-Galiza*. En 2011 forma parte do elenco de músicos da recoñecida produción do Centro Dramático Galego *A opera dos tres reás* (Bertolt Brecht/Kurt Weill), dirixida por Quico Cadaval, coa que vai de xira polas principais salas de teatro de España.

Pablo Castaño exerce a docencia no Conservatorio de Grao Medio de Ribeira e na Escola Estudio. Tamén imparte varios seminarios de *jazz*. Entre as súas gravacións destacan as colaboracións con Marcelino Galán, Xacobe Martínez, José James, Carlos López, YoungMin You, Felix and the Cats, Eyal Vilner Big Band, Marcos Pin, Rafa Fernández, Ton Risco ou Alfonso Calvo e Ángeles Dorrió.

Participou ademais na gravación de varias bandas sonoras, entre as que destaca a de *Met in NYC* (Sergio Pena/ Abe Rábade) e *Bacteria mutante* (Suso Alonso). En 2018 grava o seu primeiro disco como líder, titulado *A-la-láa*, no que aproveita a liberdade interpretativa deste tipo de pezas para explorar novos campos improvisatorios.

Comezou como unha pequena banda que tocaba un repertorio baseado no *dixieland*, pero, a medida que foi crecendo, as súas interpretacións inclináronse claramente cara ao *swing*, aínda que sen esquecer ritmos *rock*, *bossa nova*, *funk* etc. Cos seus *swings* lentos, como *Mood Indigo* e *Georgia on My Mind*, a **Big Bang Band** trasládanos aos elegantes salóns dos grandes hoteis que vimos nas películas de Fred Astaire, pero tamén, con *blues* como *Basin Street Blues*, *Blues Machine* e os seus temas *dixie* e *jazz*, recrean o ambiente dos clubs de

Big Bang Band

A **Big Bang Band** está formada por cinco saxos, tres trompetas, tres trombóns, guitarra-voz, piano, contrabaixo e batería.

A **Big Bang Band** créase en 2012 por iniciativa do saxofonista de jazz lituano **Rolandas Butkevičius**, baixo o amparo da A. VV. «Emilio Crespo», de Navia. O seu obxectivo é alcanzar a estrutura, aparencia e sonoridade auténticas das grandes *big bands* norteamericanas da primeira metade do século XX seguindo as tradicións marcadas por Glenn Miller, Benny Goodman, Duke Ellington e Count Basie.



Kenny Garrett Quintet

Kenny Garrett / Saxos
Vernell Brown / Piano
Corcoran Holt / Contrabaixo
Samuel Lavisio / Bateria
Rudy Bird / Percusión

No transcurso dunha carreira estelar de máis de 30 anos, Kenny Garrett converteuse sen dúbida no saxofonista alto máis importante da súa xeración.

Ganador dun Grammy en 2010 ao mellor álbum de jazz instrumental e cinco veces nominado, nomeado en 2011 doutor honorí co polo Music Berklee College.

Desde o seu primeiro concerto coa Orquestra de Duke Ellington en toda a súa carreira, pasando tempo e compartindo con músicos como Freddie Hubbard, Woody Shaw, Art Blakey & The Jazz Messengers ou Miles Davis, Garrett sempre tivo un son característico e unha melodía moi distintiva incluso en diferentes linguaxes ou “situacións musicais”.

Nos últimos vinte anos, seguiu crecendo como compositor e como líder da súa propia banda. Editou o seu último disco ata agora “Do your dance”, caracterizado en parte por contar con estruturas sinxelas, melodías previsibles, solos auténticos da marca Garrett e con tremendo Groove, inclúe desde o *straight jazz* hasta o *jazz* máis contemporáneo a “46 revolucións”, mesmo tintes caribeños e xestos a músicos como Corea ou Chucho Valdés.

<http://www.kennygarrett.com/>



Manolo Gutiérrez Trío

Manuel Gutierrez - piano
Tom Warburton - contrabaixo
Jordi Pallarés - batería

Manolo Gutiérrez. Pianista fundamentalmente autodidacta, aínda que ten participado de maneira habitual en seminarios e clases mestras e particulares de piano, harmonía e composición con profesores como Bill Dobbins, Dave Schmitter e Barry Harris, no ámbito jazzístico, e cos directores de orquestra Rafael Rodríguez Camacho e Joan Ensenyat, entre outros. A súa carreira profesional abarca desde o rock,

o folk, a *world music*, o *blues*, o jazz e as gravacións como músico de sesión ata a composición de música para teatro e documentais. Tocou en festivais de España, Portugal, Francia, Marrocos, Bulgaria, Suíza, Sudáfrica, Bolivia, Corea do Sur, México, Guatemala, O Salvador, Nicaragua, Honduras e a China. Na actualidade traballa fundamentalmente con Sumrrá, xunto a Xacobe Martínez e Lar Legido, e como profesor de piano e combo no Estudio Escola de Música.

Trío. Este proxecto é unha proposta fundamentalmente jazzística, aínda que aberta á interacción con outras estéticas. O son do grupo está baseado en composicións orixinais e na procura dun espazo sonoro común no que poidan convivir as propostas musicais dos seus compoñentes. A idea é partir da liberdade individual para conseguir un son conxunto; ou sexa, que cada un achegue as súas ideas e a súa personalidade, poñéndoo ao servizo da causa común, cunha visión extensa do feito musical libre de ataduras e clixés. Ten un disco editado: *Illa da Lúa*, con Tom Warburton no contrabaixo e Dani Domínguez na batería. Tras un descanso para atender outros proxectos, está de novo en marcha, esta vez con Iago Fernández na batería e cun novo disco gravado.

©foto: Seung Yull Nah



Max Gómez Cuarteto

Max Gómez (batería)
Juansy Santomé (contrabaixo)
Xosé Miguélez (saxo)
Sunil López (piano)

Comezou os seus estudos musicais de batería con 14 anos da man de Lois Cancelas. Moi pronto a música comeza a ter un lugar moi importante na súa vida e decide cursar estudos na Escola de Música Clásica de Cangas do Morrazo, na Escola de Música Moderna Estudio, de Santiago de Compostela, e seguidamente no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Foi neste

último onde o contacto con músicos de jazz como Paco Charlín e Abe Rábade, o que esta música se converteuse no seu centro de atención.

No Seminario ten a oportunidade de participar en concertos e *workshops* con músicos como Perico Sambeat, Jonathan Blake, Jaleel Shaw, Walter Smith III, Marcus Gilmore, Ambrose Akinmusire, Aaron Goldberg etc.

Participa en festivais como o Festival de Jazz de Vigo de Vigo, o Festival Internacional de Jazz de Pontevedra, o Festival de Jazz de Balado dos Frades en Portugal, o Festival de Jazz de Eivisa, o Festival de Jazz de Donostia, o Festival de Jazz de Braga e outros tantos.

Estudou en Nova York cos grandes mestres do *jazz* como Kendrick Scott, Miguel Zenón, Ben Street, Marcus Strickland, etc.

Discografía

Xacobe Martínez Antelo Quinteto: *Isto É Jazz!!!*

Marcelino Galán: *Zinco*

S.O.S. Trio: *106 Underground Street*

SPJ Big Band (dirixida por Carlos Azevedo)

Xacobe Martínez Antelo Trío

A Tribu: *A Chamada*

Xacobe Martínez Antelo Cuarteto

Factor E-Reset: *Barbanza*

Rafa Fernández Quinteto

Ton Risco Quinteto

Felipe Villar Trío: *Home e Outro*

Juyma Estévez: *Océanos de porcelana*

Javier Marcos Quinteto



ao *banjo*, os galegos **Antonio Otero**, voz e saxo tenor, **Óscar Prieto** á tuba e **Chus Pazos** á batería. Son una formación vistosa, potente, organizada en torno aos instrumentos máis tradicionais do jazz, ao máis puro estilo das bandas tradicionais americanas. É un espectáculo que está pensado para gozalo bailando ou desde unha butaca (representación en teatros) e resulta ideal para todos os públicos. O ritmo, a calidade musical e o bo humor son a tarxeta de visita de **The Alley Stompers**.

The Alley Stompers

Antonio Otero: Voz e Saxo Tenor
Rosolino Marinello: Saxos e Clarinete
Oscar Prieto: Tuba
Nacho Pérez: Banjo/Guitarra
Chus Pazos: Batería

The Alley Stompers son *dixieland*, *jazz*, *blues* e *swing*. Este espectáculo representa unha viaxe no tempo, un retorno de sensacións, que recrea a atmosfera da Nova Orleáns dos anos 20 e 30 revisando o repertorio que fai honor a esta época dourada do jazz. Os seus compoñentes, músicos profesionais de grao, todos eles moi activos e coñecidos no panorama jazzístico galego: o italiano **Rosolino Marinello** ao clarinete e os saxos, o francés **Wilfried Wilde**

Charenée Wade

OFFERING

Charenée Wade - voz

Oscar Pérez - piano

Paul Beaudry - contrabaixo

Marc Ayza - batería

Entre as revelacións vocais máis

destacadas do circuío do jazz sobresaen

porcu-1.1061uls p5(brt)5.pils a3ns voclis

pea 353Chbreglie5Wa 4(ae)TJBO -1.167 TDeedul B1ulontrebr1ulom(scpa3--2a)10(t)1is

dls úni10(co0(10(c)Oba)15(br)1 tal55t)5eoc10(olliB{dls p10(ar)(1is)TJBO -1.167 TDf(1ulom(scpa3--19-



Dani Font Quartet

Dani Font: Guitarra

Álex Touceda: Contrabaixo

David Puime: Batería

José Soares: Saxo

Nesta ocasión o guitarrista vigués Dani Font incorpora a guitarra do xenial saxofonista portugués José Soares ao seu trío de xa longa traxectoria, do que forman parte Álex Touceda (contrabaixo) e David Puime (batería). Este proxecto acada así un son sólido e firme, fortemente arraigado na linguaxe do jazz, na súa versión máis lírica e innovadora.



155

Dani Domínguez - batería
Don Malfon - saxo barítono
David Santos - Baixo eléctrico

155 é unha proposta de sesión H.A.L.O. (High Altitude Low Opening) dentro do festival, unha sesión de improvisación na que se xuntan por vez primeira estes tres grandes improvisadores da escena nacional.

Interconectados a través de proxectos como la OMEGA, Reptilian Mambo ou IED8, o colectivo de improvisadores HALO xa ten dado conta do seu bo facer e reconduce as súas enerxías cara ao presente proxecto.

Batería, saxo barítono e baixo eléctrico para unha viaxe a través da libre improvisación e a música en presente.



Kurt Rosenwinkel Caipi Band

Kurt Rosenwinkel: varios e voces
Pedro Martins: guitarra
Olivia Trummer: piano
Frederico Helidoro: baixo
Antonio Loureiro: varios

Nacido en Filadelfia o 28 de outubro de 1970 Rosenwinkel participou da *Berklee College of Music* durante dous anos e medio antes de saír de xira co lendario vibrafonista, compositor e educador Gary Burton, o decano da escola naquel momento. Posteriormente, Rosenwinkel mudouse para Brooklyn, onde continuou a desenvolver as súas habilidades actuando cos grupos *Human*

Feel, Paul Motian's Electric Bebop Band, o grupo de Joe Henderson e os *Brian Blade Fellowship*. Veu a Europa en 2003, e pasou os últimos nove anos en Berlín Oriental, en Alemaña, onde el aceptou un cargo de profesor no Instituto de Jazz. Ata hai pouco, iso é todo. “Tras doce anos, entendín que era hora de xubilarse do ensino”, di el. “Precisaba volver a facer música, non explicala. Eu creei o meu propio selo, *Heartcore Records*, para traballar en colaboración co selo do baixista e compositor **Avishai Cohen**, *Razdaz Recordz*.” Por riba de todo, quero ser libre para seguir a miña intuición e as miñas aspiracións e permitir que outros fagan o mesmo. *Caipi* é a primeira manifestación destes principios. É como construír unha nova comunidade “.

É así como dá un salto radical na súa dirección musical. En *Caipi*, o primeiro álbum do seu novo selo Heartcore Records, no que Rosenwinkel toca todos os instrumentos (batería, baixo, piano, sintetizadores, percusión) e destaca nas voces de temas como “*Hold On*”, máis próximo ao *hard rock*; “*Summer Song*”, de esencia etérea; ou na balada lenta “*Ezra*”, que leva o nome do seu llo. No que respecta ao seu novo papel como líder, el mesmo explica que aprendeu con *Caipi* que a música esixíalle letras: por iso este álbum dá un resultado diferente. El só tratou de darlle resposta ao que a música lle pedía, creando e cantando as súas propias letras metafísicas e que invitan a pensar.

Con *Caipi*, Kurt Rosenwinkel presenta once composicións que conforman unha oda á resiliencia, unha chamada para non ceder á negativa.

CAIPI BAND

Pedro Martins é considerado un dos guitarristas máis prometedores da nova xeración de Brasil. O seu toque está baseado na esencia da súa patria nai, e que ademais vén cargado de xoias que conquistan.

Olivia Trummer, experimentada tanto en piano clásico como de *jazz*, destaca a súa capacidade de mesturar melodías líricas con ricas harmonías e sofisticación rítmica.

Frederico Helidoro toca un intenso baixo, ás veces virtuoso e chea de sentimento, ás veces puramente experimental, completado polo seu sentido brasileiro co *jazz* e as sensibilidades contemporáneas.

Antonio Loureiro é un artista cruzando xéneros musicais: combina música tradicional brasileira con elementos de *jazz* e *prog* usando o seu amplo catálogo de instrumentos.

<http://www.kurtrosenwinkel.com/>



dirección, á liberdade. Fonogenia vibra no silencio. Son as cordas oscilando, os quebrantos contra as crinas, as voltaxes numéricas, as resonancias magnéticas, simpáticas ou antipáticas, de cadaquén ao seu. Fonogenia só vive no latexo doutros corpos. No teu alento, na túa presenza. Aniquila as túas zonas de confort e maniféstate!.

Fonogenia

Macarena Montesinos (cello)

Elena Vázquez (violín)

Madamme Cell (electrónica e voz)

Na intemperie urbana viguesa, no continuo desesperante de submisións e dinosetos, vive e respira Fonogenia. Tres individualismos reversibles: Macarena Montesinos (cello), Elena Vázquez (violín) e madamme cell (electrónica e voz) subterfúxianse na inmensa celebración non produtiva semanal das sesións h.a.l.o., cocción intestinal de amantes do cru, fraternidade.

Fonogenia, raíña do *infraground* vigués, xorde polo azar e segue existindo á vontade propia. É un antídoto contra a inercia, é única na súa especie, sabotadora por defecto da convención, sabe saír coa súa e atopa onde non busca. De espírito perdulario, este polígono de tres caras é proclive á dispersión, ao inacabado, ao improbable, á falta de



Comando Radar

PABLO REGA (Elektra, Cosmic Music, F.I.L.O., Castromilf)
Dirección, guitarra e aparellos

LUIS ERADES (La Hierba Roja, Voynich em Chamas)
Saxo Alto/Soprano

PABLO SAX (Pablo Sax Trio, 2M, Fritanga)
Saxo Tenor/Soprano

DAVID LOJO (David Lojo Quartet)
Trompeta

SAÚL PUGA (Suelen Estar Quartet, F.I.L.O., Orquesta Metamovida)
Contrabaixo

CARLOS CASTRO (Castromilf, Orquesta Metamovida)
Batería

XAVI BÉRTOLO (Cró!, Orquesta Metamovida)
Teclados

Este septeto de músicos galegos define a súa música como improvisación conducida. Proposta arriscada pero asemade cautivadora. O seu directo é apto para todos os públicos. O “Comando” non só entra polas orellas, tamén o fai polos ollos. Os temas xorden a través do director, que con sinais constrúe cada unha das pezas. Os músicos permanecen moi atentos, entregados á improvisación e completamente volcados na música. Aparece así unha coreografía entre eles que fai de fío condutor do espectáculo. Os seus concertos teñen vida propia e neles poderemos escoitar momentos de noise, free jazz, impro libre, electrónica, ou non... Xurdiron das sesións HALO a finais de 2016 en Vigo e acaban de gravar o que será o seu primeiro disco, o cal acompañarán tamén de parte da sesión gravada en vídeo.



Glenn Zaleski Trio

Glenn Zaleski: piano
Dezron Douglas: contrabaixo
Craig Weinrib: batería

Glenn Zaleski é un dos pianistas máis buscados na escena jazzística de Nova York. Orixinario de Boylston, MA, Glenn é coñecido polo seu traballo ao tocar con Ravi Coltrane, Lage Lund e Ari Hoenig. O seu álbum máis recente, “Solo Vol. 1”, foi lanzado a principios de 2018 - o seu primeiro disco en solitario de piano, e o primeiro lanzamento do seu propio selo musical Stark Terrace. En 2017 lanzou o seu segundo álbum para Sunnyside

Records, “Fellowship”, o que levou a *All About Jazz* a resaltar: “Glenn Zaleski tornouse rapidamente un dos pianistas máis importantes da súa xeración e é doado entender por que.” O seu primeiro disco, “*My Ideal*”, foi lanzado en marzo de 2015, tamén en Sunnyside, e recibiu aclamación da crítica; *Downbeat Magazine* tildouno de “sublime”; *Jazz Times* describiuno como “un conxunto atractivo a cargo dun talento polo que paga a pena asistir”, e o *New York Times* calificou o álbum de “forte declaración” e eloxiou o seu “alegre pero desenfadado sentido da frase”.

Glenn tamén lanzou dous álbums populares con grupo Stranahan / Zaleski / Rosato: “*Limitless*” (Capri, 2013), e “*Anticipación*” (Capri, 2011), así como un álbum a dúo co seu irmán, o saxofonista Mark Zaleski. (“*Duet Suite*”, 2010)

En 2011, Glenn foi semi-finalista no concurso de piano *Thelonious Monk Internacional de Jazz* e finalista do *APA Cole Porter Jazz Fellowship* en 2011. Participara do programa de bolsas do *Instituto Brubeck en Stockton* (2005-2007), e despois completou os seus estudos de pregrao en *The New School* (2009-2011). Mentres traballaba para o seu posgrao na Universidade de Nova York, Glenn tamén desenvolveu a súa actividade no corpo docente desta universidade, impartindo algunhas das materias alí e tamén clases particulares.

<https://www.glennzaleski.com/>



Fernando Sánchez Quartet

Fernando Sánchez - Saxofón
Miguel Rodríguez - Piano
Iago Fernández - Bateria
Paco Charlín - Contrabaixo

Fernando Sánchez é saxofonista, multiinstrumentista e compositor.

Nado en Redondela en 1985, comeza os estudos de piano e saxofón aos nove anos. Despois de estudar saxofón clásico no *Conservatorio Superior de Música de Vigo*, trasládase a Portugal xa con 22 anos, para estudar a *Licenciatura em Música*, variante de jazz, na *Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo*

do Porto. Tras graduarse coas máximas cualificacións, múdase á cidade de *Ámsterdam* para realizar un posgrao no prestixioso *Conservatorium van Amsterdam*, onde estuda con Ferdinand Povel, Jasper Blom e Joris Roelofs. Desde entón reside nos Países Baixos, onde actúa con diferentes formacións propias e tamén colabora con bandas como a *Jazz Orchestra of the Concertgebouw*, *The BvR Flamenco Big Band*, *Pol Belardi Urban Voyage*, *Pablo Martínez Group*, *Eleonora Strino Quartet*, *New Cool Collective* e *Joëlle Goldman Big Band*, entre outros. Actuou en festivais internacionais como o *North Sea Jazz Festival* (NL), o *London Jazz Festival* (UK), *Music Under the Summer Air* (Shanghai, CN), o *Saarbrücker Jazz Festival* (DE), *Like a Jazz Machine* (LU), a *Flamenco Biennale* (NL), a *International Duke Ellington Conference*, o *Südtirol Jazzfestival Alto Adige* (IT), as *Gentse Feesten* (BE), o *Braga Jazz Festival* (PT), a *Festa do Jazz do São Luiz* (PT), o *Festival Porta-Jazz* (PT), o *Amersfoort Jazz Festival* (NL) etc. Gañou o concurso *The Records* da *Keep an Eye Foundation* en dúas ocasións, coas bandas *Urban Voyage* e *BvR Flamenco Big Band*; tamén o premio ao mellor solista na *Festa do Jazz 2009*, así como o segundo premio no concurso *Jovens Músicos*, organizado pola RTP portuguesa. Durante estes anos ten tocado con artistas como *The Four Tops*, *The Temptations*, *Madeline Bell*, *Benjamin Herman*, *Eric Ineke*, *Dennis Mackrel*, *Dick Oatts*, *José James*, *Terrell Stafford*, *Orquestra Jazz de Matosinhos*, *Nuno Ferreira* e *Jerry González*, entre moitos outros.



Drewes, Lee, Hirshfield Equality

Billy Drewes: Vento

Scott Lee: Baixista / Compositor

Jeff Hirshfield: Bateria

Jeff Hirshfield ten realizado amplias xiras por todo o mundo tocando e impartindo obradoiros e clases maxistras centradas na arte da interacción do grupo e na importancia de escoitar. Tocou en máis de 335 gravacións e é un neiorquino nativo. Realizou e

gravou con grandes figuras da música.

Cando **Scott Lee** chegou a Nova York a finais dos 70, un dos seus primeiros concertos foi a gravación e posterior xira con Chet Baker. Así empezou a súa carreira profesional como baixista. Seguiu gravando e de xira con grandes músicos. Ademais, ten acompañado a moitos cantantes. Scott ten mostrado a súa versatilidade no mundo orquestral ao formar parte de proxectos moi diversos. Forma parte do *Cloning Americana Quartet on Sunnyside Records*. No campo do ensino, Scott publicou un libro e imparte docencia en materias relacionadas coa percusión e a espiritualidade.

Billy Drewes atopa un amplo espectro de proxectos artísticos, tanto puramente musicais coma relacionados coa danza, teatro e artes escénicas, cando regresa a Nova York en 1975, tras a súa etapa en Boston. Ten viaxado por todo o mundo tocando en grandes escenarios con diferentes agrupacións. O seu son virtuoso aparece en máis de 175 CD's. Algúns deles, gañadores dun Grammy. Podemos atopalo tamén en bandas sonoras de películas, vídeos musicais, documentais, DVD's, etc. Billy é membro da *Vanguard Jazz Orchestra* desde hai máis de 35 anos. Actualmente é profesor do Departamento de Jazz da Universidade de Nova York. O seu amor pola composición será presentado nunha nova gravación que pronto será lanzada co grupo internacional "Under One Sun".



baterista, xa no primeiro dos seus trios. Agora Rossy centrouse máis na melodía que na percusión, mentres que Vercher sumou á súa galería sonora o clarinete baixo.

Dez anos levan xuntos, un tempo que lles permite ser dous en paralelo, unidos, simultáneos se o desexan. Como froito obrigado do entendemento que propician eses dez anos de unión puido crearse *Filantropía* (Supertone Records, 2018), un traballo que re-icte as dúas intimidades fundidas entre si en once cortes, listos para sorprender por contraste.

©foto: Antonio Porcar

Rossy & Vercher: Filantropía

<http://jorgerossy.com/epk/rossy-vercher-filantropia/>

Javier Vercher: saxo, flauta e clarinete

Jorge Rossy: marimba, láminas e vibráfono

Masa Kamaguchi: contrabaixista

Albert Sanz: pianista

Joey Baron: baterista

O saxofonista e clarinetista **Javier Vercher** e o baterista, pianista e vibrafonista **Jorge Rossy** forman un dúo de jazz que vén de conquistar o mundo fóra das nosas fronteiras. Vercher xa triunfara en Nova York hai un bo tempo, mentres que Rossy percorreu o mundo unhas cantas veces nada menos que xunto a Brad Mehldau, como



Juyma Estévez Trío

Juyma Estévez: contrabaixo
David Regueiro: guitarra
Noli Torres: batería

<http://juymaestevez.wixsite.com/bass>

Juyma Estévez, contrabaixista de referencia no *jazz* galego, comeza seus estudos nos conservatorios de Pontevedra e Santiago (onde obtén o Título Profesional de Música) e no *Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra*.

Despois marcha para Donostia, onde acada o Título Superior de Música, na especialidade de *jazz*, en *Musikene* (Conservatorio Superior de Música do País Vasco) e toca con diferentes bandas nalgúns dos clubs, teatros e festivais de *jazz* máis importantes, como no *Heineken Jazzaldia*, no *Teatro Campos Elíseos Antzokia* de Bilbao e no *Altxerri Jazz Club*.

Logo regresa a Galicia, onde se establece como músico profesional e docente.

Curtido en mil proxectos que abarcan o *jazz*, o *rock*, o *blues*, o *country*, o *folk* e o mundo clásico, grava con numerosas formacións entre as que se encontran o David Regueiro Swingtet, Green with Envy, Gold & Colt, Xabi Aburruzaga e Lakunza Brothers, por exemplo.

O seu primeiro traballo como líder titúlase *Océanos de porcelana*.

Xa que o seu segundo disco como líder acaba de saír, teremos a sorte de coñecelo case en estrea mundial. Foi gravado integramente no auditorio da súa vila natal (Bueu), leva por título *Viento del Norte* (FreeCode Jazz Records), consta de nove temas e desta volta acompañano David Regueiro á guitarra e Noli Torres á batería.



Mayeuswing

En setembro de 2015, **Sergi** e **Lucía** puxeron en marcha un proxecto en común que xorde da paixón que senten polo *swing*. Este proxecto coñécese como **Mayeuswing**. Trátase dunha escola dedicada a promover os bailes *swing* en Vigo, na que transmiten o entusiasmo e o coñecemento que teñen destes, para axudar a que a escena do *swing* en Vigo e Galicia se consolide e siga crescendo.

Sergi e Lucía formáronse en *lindy hop* e outros bailes derivados do *swing* con grandes profesionais durante varios anos en Barcelona. En *lindy hop* tiveron a sorte de aprender con Sonia Ortega e Héctor Artal, o que lles deu unha sólida base na comprensión da conexión coa

parella, desde a propia exploración do movemento ata o diálogo entre *leader* e *follower*, isto é, entre quen leva e quen é levado.

Gracias a isto buscan que a espontaneidade e a improvisación propias da música *swing* estean presente en cada baile, sen trataren de mecanizar os movementos. Hoxe en día seguen ampliando os seus coñecementos en festivais internacionais e nacionais, con profesores de envergadura internacional como Skye Humphries, Frida Segerdahl, Felipe Braga, Alice Mei e Remy Kouakou, entre outros.

Ademais das clases nas que transmiten os seus coñecementos de *lindy hop*, *claqué*, *swing solo* e *rock 'n' roll*, tamén organizan actividades para axudaren a promover a parte social destes bailes, desde *jams* na súa escola, Rúa Swing e Swing Vermús ata o Festival Internacional de Swing ViSwingGo, coas que axudan a dinamizar a cidade dando a coñecer este tipo de bailes tan divertidos e sociais.

<http://mayeuswing.com/>



Swing On

Os comezos. A Swing On School é un proxecto fundado por Elena Blanco e Jorge Patiño, que aprendera a bailar *lindy hop* no Porto da man da californiana Abeth Farag. En 2012, co comece do *lindy hop* no corpo, instaláronse en Bueu, cidade natal de Jorge, e, como daquela non había ningún resquicio de *lindy hop* en toda Galicia, decidiu comezar a ensinar no Aturuxo Bar (segunda casa Jorge de preadolescencia temperá), onde aínda se dan clases. Nese momento o proxecto, aínda moi pequeno, foi chamado Lindy Hop Bueu. Pero co tempo comezaron a xurdir oportunidades para ensinar en Cangas e Vigo, de xeito que en 2014 o nome do proxecto pasou a ser Swing On School e a dedicación dos fundadores e profesores, Elena e Jorge, aumenta considerablemente, estendéndose desde ese momento a súa formación a mestres

de fóra de Galicia e solidificándose a súa infraestrutura para poder acoller cada vez máis alumnado, coa expansión do corpo docente e os espazos en que se deu clase. O salto máis grande da Swing On School ten lugar en xuño de 2016, momento no que, con Laura Rosales, se creou o proxecto O Almacén Cultural, un espazo no que se combinan as clases e eventos *swing* con eventos culturais e de lecer e dedicado, como non, a varios aspectos relacionados coa música e a danza *swing*. Xuño 2016 é unha data especial para a Swing On School, non só por establecer unha sede estable en Vigo, senón tamén por incorporar ao equipo a Laura Rosales, amante da música e do baile, que destaca polo seu carácter activo, tanto para cuestións administrativas relacionadas coa escola como na produción de eventos de *swing*, dentro e fóra do Almacén Cultural.

A Swing On School hoxe. Na actualidade, a filosofía da Swing On School é revitalizar os aspectos máis salientables da cultura *swing* dos anos 30: música, historia, confraternización..., apoiándose nas inxerencias, xa máis actuais, do equipo humano que está detrás: igualdade, apoio a novos proxectos culturais, difusión dunha cultura que vai máis aló de «o *swing*». Baixo estas premisas, a Swing On School no só imparte clases e obradoiros de bailes *swing*, senón que ademais organiza eventos destinados a promover e difundir a música, a historia e a comunidade *swing*.

<http://www.swingonvigo.com/>

Dirección

Yago Vázquez é un pianista e compositor vigués nacido en Nova York. Comezou os seus estudos no Conservatorio de Música de Vigo e estudou música moderna en *Estudio, Escola de Música* e no *Seminario de Jazz* de Pontevedra. En 2008 recibe un a bolsa para estudar na universidade *The New School for Jazz* en Nova York, onde reside desde entón. Durante a súa carreira actuou nos clubs de jazz máis prestixiosos de Nova York e participou en numerosas xiras internacionais en América, Europa e Asia. Aparece en máis de trinta discos publicados e ten actuado con músicos como Reggie Workman, Billy Harper, Drew Gress, David Schnitter, Jamie Baum, Gilad Hekselman, Joe Martin ou Ingrid Jensen entre moitos outros.

Gañador do *Premio Martín Códax* ao mellor artista de jazz 2018 e nominado aos *Premios Pulsar 2016* (Chile) e *Echo Awards 2016* (Alemaña).

www.yagovazquez.com

Felipe Villar (Vigo, 1976) é un dos máis activos guitarristas de jazz da escena galega. Formado no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra e graduado en Jazz pola ESMAE (Porto), exerce tamén de educador no Conservatorio Mayeysis e de programador no Festival Nigranjazz e en La Casa de Arriba.

Como artista, ten editados dous discos como líder do seu trío (*Home e Outro*) e participa noutros moitos proxectos como músico, arranxador ou produtor.

<http://felipevillar.es/>

ke ea